

Denso e ricaz

A conciencia e en conciencia

HÉITOR MERA

Moitas veces este crítico tense queixado dos poemarios das follas en branco, tremendo fraude para os lectores; poemarios que un le no andel da librería. Supomos que por falta de inspiración. Porén, Vilanova escribe e escribe a conciencia e en conciencia. É obvio que para o poeta a literatura é cousa seria.

Este *Antonio das mortes e a muller verde* é un poemario que fai involucrar ao lector nun mar de matices, de tensións, de reflexións e evocacións non cartesianas, mais si arroutadas no alicerce da solidez intelectual e sentimental.

Partimos dun *eu* lírico poderoso, que reparte, que reflexiona e que marca as pautas líricas. É unha lírica con tensión narrativa. Lévanos este *eu* lírico (por riba do ben e do mal) por vieiros ás veces proféticos, ás veces apocalípticos, sentimentais, esperanzados, desolados, culturalistas, crípticos...

Arredor dese *eu* lírico está todo e non hai nada. Tracexa o camiño no que podemos enxergar a simboloxía ou os pensamentos asociados a dous personaxes como Antonio das mortes e mais a muller de verde para os que non temos por que acabar o libro e necesariamente rematar de caracterizalos, xa que son demasiado vizosos, contraditorios e poliédricos. En realidade son referencias simbólicas das que se serve o eu lírico para ter un referente que ofrecer ao receptor na tensión comunicativa e lingüística que percorre todo o poemario. Dá igual o que se pretenda evocar, nin sequera definir minimamente, hai un dioivo de temas que percorren os poemas coa forza dun río, sen orde predeterminada, sen unha sucesión lóxica de feitos nin accións, pero cunha forza expresiva que nos leva a cumios lírico-case narrativos esencialmente expresivos aínda que non necesariamente posuidores dun contido.

Volvemos dicir que é un poema denso, ricaz e fundamentado na boa man poética de persoa sensible, aínda inspirada e sabedora de artellamentos poéticos para atención do lector interesado.

VILANOVA, Manuel, *Antonio das mortes e a muller de verde*, Ed. Esquío, Ferrol, 2010, PVP.15 €

